

## Variedades dialectais do galego

### Índice

- 1.- As variedades dialectais e o concepto de dialecto.
- 2.- Principais fenómenos dialectais do galego.
  - 2.1.- Fenómenos fonolóxicos.
  - 2.2.- Fenómenos morfolóxicos.
  - 2.3.- Aspectos léxicos.
- 3.- Caracterización dos bloques, áreas e subáreas lingüísticas.
  - 3.1.- Bloque occidental.
  - 3.2.- Bloque central.
  - 3.3.- Bloque oriental.
- 4.- Textos dialectais

### 1. As variedades dialectais e o concepto de dialecto

As linguas non son entidades uniformes. Cando nos referimos ao idioma o galego (ou ao castelán ou ao francés...), en realidade estamos realizando unha abstracción de todas as variedades que compoñen esa realidade. Dentro dunha lingua podemos distinguir catro tipos de variedades diferentes: as diacrónicas ou históricas, que son aquelas que un idioma presenta ao longo da súa evolución no tempo; as dialectais, xeográficas ou diatópicas, aquelas que presenta ao longo do seu territorio; as diastráticas, aquelas que se establecen segundo o nivel de coñecemento e manexo da lingua dos diversos falantes; e, por último, as diafásicas ou contextuais (tamén denominadas rexistros lingüísticos), aquelas que se refiren ás distintas escollas de lingua que están condicionadas polo contexto comunicativo.

As variedades dialectais dunha lingua poden ser de natureza moi diversa. Poden ir desde pequenas variacións, normalmente de pronuncia ou vocabulario, até diferenzas estruturais grandes que poden mesmo dificultar a comprensión entre falantes dun mesmo idioma. Neste último caso, as variedades dialectais denomínanse dialectos; se as diferenzas entre as falas dos diferentes territorios dunha lingua son pequenas é preferible empregar outras denominacións.

A delimitación do concepto de dialecto é unha tarefa complicada, dada a diferente consideración que pode adquirir este termo. Por un lado, emprégase en oposición a *lingua histórica* para

designar a unha variedade lingüística de menor importancia que esta, atendendo a criterios heteroxéneos e, en ocasións, pouco claros. A diferenza entre lingua e dialecto pode situarse no eixo temporal ou no eixo espacial.

Desde un **punto de vista histórico**, son dialectos todas aquelas variedades lingüísticas que proceden da fragmentación dun sistema lingüístico anterior. Por tanto, pódese afirmar desde esta perspectiva que, por exemplo, italiano, francés, castelán, galego, asturiano, aragonés, catalán, etc. son dialectos do latín, e non hai, partindo dunha óptica estritamente lingüística, diferenzas xerárquicas entre elas.



Agora ben, na distinta consideración das variedades lingüísticas, interveñen outros factores de tipo extralingüístico (sociais, culturais e políticos) que resultan determinantes para establecer unha diferenciación entre lingua e dialecto: considéranse habitualmente linguas aquelas que ofrecen un alto grao de estabilidade interna (fronte a unha excesiva fragmentación interna ou rustización), que posúen unha norma estándar unificadora, unha tradición literaria, un número de falantes relativamente grande e uns límites xeográficos ben delimitados. Contribúe tamén ás veces o feito de que sexan faladas por unha comunidade politicamente independente ou que teñan consideración de oficiais. Como vemos, son criterios cuxa aplicación é ás veces problemática dentro da complexa casuística dos idiomas. En ocasións, inflúen tamén criterios socio-psicolóxicos, como a conciencia dos falantes de estaren a falar unha lingua ben diferenciada e identificadora da súa comunidade. O prestixio social da variedade lingüística tamén é un factor a ter en conta: normalmente a consideración social do dialecto é pexorativa; concédeselle só validez para a intercomunicación oral dunha determinada comunidade. Para usos de maior prestixio acódesese ao emprego doutra variedade lingüística mellor valorada.

Tendo en conta isto, podemos apreciar como, por exemplo, o asturiano ou o aragonés que, desde un punto de vista estritamente lingüístico deben ter a mesma consideración que galego ou castelán (por seren como estas variedades lingüísticas procedentes ao mesmo nivel da fragmentación do latín) non a teñen aplicando os outros criterios anteriormente expostos. Pero, por outra parte, ao non existiren diferenzas intrínsecas entre lingua e dialecto, un cambio significativo da situación social e cultural dunha variedade denominada dialecto pode levala a adquirir o rango de lingua. Pensemos, por exemplo, que sucedería co asturiano se consolidase unha norma culta, fose declarada oficial e se convertese progresivamente na lingua habitual da sociedade, desenvolvendo todo tipo de actividades: literatura, medios de comunicación, ensino, etc. Igualmente, unha lingua histórica pode atravesar momentos en que se comporte funcionalmente como un dialecto, ao substituír a expresión nos usos cultos por outra variedade lingüística máis prestixiada, como foi o caso do galego durante os *Séculos Escuros*.

Tendo en conta isto, podemos apreciar como, por exemplo, o asturiano ou o aragonés que, desde un punto de vista estritamente lingüístico deben ter a mesma consideración que galego ou castelán (por seren como estas variedades lingüísticas procedentes ao mesmo nivel da fragmentación do latín) non a teñen aplicando os outros criterios anteriormente expostos. Pero, por outra parte, ao non existiren diferenzas intrínsecas entre lingua e dialecto, un cambio significativo da situación social e cultural dunha variedade denominada dialecto pode levala a adquirir o rango de lingua. Pensemos, por exemplo, que sucedería co asturiano se consolidase unha norma culta, fose declarada oficial e se convertese progresivamente na lingua habitual da sociedade, desenvolvendo todo tipo de actividades: literatura, medios de comunicación, ensino, etc. Igualmente, unha lingua histórica pode atravesar momentos en que se comporte funcionalmente como un dialecto, ao substituír a expresión nos usos cultos por outra variedade lingüística máis prestixiada, como foi o caso do galego durante os *Séculos Escuros*.

Por outro lado, emprégase o termo dialecto, desde un **punto de vista xeográfico**, como unha variedade interna ben caracterizada dentro dun sistema lingüístico determinado. Así, fálase,

por exemplo, do bernés ou do zuriqués, como dialectos do alemán na Suíza; ou do cubano, do arxentino, do andaluz ou do estremeño como dialectos do castelán nos seus respectivos territorios. Pero, como dixemos anteriormente, non toda variedade con características propias falada nun determinado territorio dunha lingua debe ser considerada dialecto. Toda lingua presenta variedades xeográficas de maior ou menor importancia. A consideración dunha destas variedades xeográficas (tamén denominadas diatópicas ou dialectais) como dialecto require que presente unha grande unidade e que a súa singularidade se reflicta na existencia de importantes trazos lingüísticos específicos que a distinguan do resto do territorio lingüístico. En caso contrario, é preferíbel empregar outro tipo de denominacións (*fala, zona lingüística, área lingüística...*).

No caso do galego, a pesar de que algunha das primeiras clasificacións dialectais empregaba este termo (a de Saco e Arce, en 1868), non é apropiado falar de dialectos para referírmonos ás súas variedades dialectais. En contra dunha certa crenza popular de que se encontra moi fragmentado xeograficamente, pódese afirmar que hoxe por hoxe, o galego presenta unha unidade maior que a maioría das linguas. As diferenzas existentes entre unhas zonas e outras non van máis alá dalgúns trazos fonolóxicos (gheada, seseo e pouco máis), morfolóxicos (sobre todo na conxugación verbal e nos pronomes) e léxicos, de non demasiada relevancia, que pasamos a analizar no punto seguinte. Por tanto, son preferíbeis denominacións como as empregadas por Carvalho Calero (*modalidades de lingua*) ou por Fernández Rei (*bloques e áreas lingüísticas*).

## 2.- Principais fenómenos dialectais do galego.

A caracterización das variedades dialectais do galego e a conseguinte clasificación establécese segundo unha serie de trazos lingüísticos. Son principalmente fonéticos e morfolóxicos. Os primeiros refírense basicamente ás diferentes pronuncias de certos fonemas e combinacións de fonemas, como a gheada, o seseo e a pronuncia dalgúns ditongos. Os morfolóxicos teñen en consideración aspectos como a variedade na formación de plural, na formación de feminino, na conxugación verbal e na diversidade no emprego de certos pronomes.

### 2.1.- Fenómenos fonolóxicos.

**a) A gheada.** Consiste na pronuncia do fonema /g/ como unha consoante aspirada, farínxea ou larínxea, semellante á do inglés en *house*. Hai diversas hipóteses para explicar a causa deste fenómeno, que parece ser que se orixinou na pronuncia relaxada do /g/ en posición intervocálica en tempos relativamente recentes. A gheada **aspirada** é considerada unha pronuncia normativa do fonema /g/. Mais actualmente, ao lado desta pronuncia, estase espallando, por influencia do castelán (ao confundirse o son aspirado da gheada co son propio do fonema representado coa letra *j* do castelán) unha gheada de pronuncia máis forte, a denominada gheada **velar**. Esta pronuncia da gheada, semellante á do castelán *jabón* é, a diferenza da aspirada, rexeitable, a pesar de que hoxe en día xa é maioritaria no territorio lingüístico do galego. A gheada emprégase nas falas espontáneas de todo o territorio galego, coa excepción do terzo oriental. [v. mapa 1]

**b) O seseo.** Consiste en pronunciar como /s/ o fonema que no galego común se pronuncia como /θ/. Este fenómeno fonolóxico prodúcese nas zonas máis occidentais do país desde a orixe do idioma galego. Segundo a posición da palabra na que se produza, pódense distinguir dous tipos de seseo: o **total**, no que o fonema /θ/ é substituído sempre polo /s/ e o **implosivo**, no que tal substitución unicamente se produce en posición final de sílaba. O seseo total prodúcese nas falas costeiras occidentais; neste territorio dirase, por tanto, *des* e *sinco* en lugar de *dez* e *cinco*. O seseo implosivo sitúase nunha franxa ao leste da zona do seseo total; neste territorio pronúnciase *des* (e *ves*, *lus*, *narís*...) con seseo, pero *cinco* (e *zapato*, *co-cer*, *canción*...) sen seseo. [v. mapa 1]



A pronuncia do /s/ do seseo pode ser de dous tipos: o que se realiza cunha pronuncia **predorsal** (máis asubiante), maioritaria ao norte da ría de Arousa e ao sur da ría de Pontevedra e o que se realiza cunha pronuncia **apical** (a pronuncia máis habitual do /s/ galego) no resto do territorio seseante.

**c) Os resultados dos grupos latinos QUA e GUA.** Se ben na maior parte do territorio lingüístico do galego as palabras procedentes destes grupos latinos perderon o *u*, e por tanto dise *catro* e *gardar*, por exemplo, nas partes máis orientais e meridionais, conservouse; de maneira que son habituais as formas *cuatro*, *cuando*, *cual*, *guardar*, *aguardar*... [v. mapa 2]



**d) Os resultados dos grupos latinos ULT, OCT, UCT e ORIU.** As palabras latinas que presentan estes grupos transformáronse de xeito diferente na formación do galego, segundo os territorios. O máis habitual é que en todos eses casos apareza o ditongo *oi*. Así, por exemplo, as palabras latinas *multum*, *noctem*, *tructam* e *corium* convertéronse, respectivamente, en *moito*, *noite*, *troita* e *coiro*. Pero no sector noroccidental de Galicia convertéronse en *ui* (e alí dise *muíto*, *nuíte*, *truíta* e *cuíro*); no galego oriental, alternan o ditongo *oi* (*noíte* e *coíro*) co ditongo *ui* (*muíto*, *truíta*), ás veces monotongado (*mutu*, *truta*) ou con alteración da posición do *i* (*mutio*, *trutia*); e, por último, na parte suroccidental da provincia de Pontevedra, alternanse tres ditongos: *oi* (*noíte*), *ui* (*muíto*, *truíta*) e *ou* (*couro*). [v. mapa 3]

	A	B	C	D
MULTUM	moito	muito	muito	muito/ muto/ mutio
NOCTEM	noite	nuite	noite	noite
TRUCTAM	troita	truita	truita	truita/ truta/ trutia
CORIUM	coiro	cuiro	couro	coiro

## 2.2.- Fenómenos morfolóxicos.

a) **Resultado das terminacións latinas -ANUM, -ANAM.** Na meirande parte do territorio galego, as formas latinas masculinas procedentes de palabras latinas rematadas nesas terminacións transformáronse en *-ao* e as femininas en *-á* (*o irmao, a irmá*). No galego occidental, tanto as formas de masculino como as de feminino igualáronse en *-án* (*o irmán, a irmán*). Nunha zona arredor de Ferrol a igualación produciuse en beneficio da terminación en *-á* (*o irmá, a irmá*). E nunha pequena área entre os bloques occidental e central o resultado foi *-ao* para o masculino e *-án* para o feminino (*o irmao, a irmán*). [v. Mapa 4]

	A	B	C	D
GERMANUM	irmán	irmá	irmao	irmao
GERMANAM	irmán	irmá	irmán	irmá

b) **Formación do plural das palabras rematadas por vogal seguida de n.** Este tipo de palabras presenta tres plurais diferentes: na parte occidental, é regular (*os camións*); na central, perde o *n* (*os camiós*) e na oriental forma un ditongo decrecente con *i* (*os camiois*); no galego exterior, poden aparecer tamén as formas *camioes* e *camiones*. Esta característica é importante porque foi a escollida para a



delimitación dos tres bloques lingüísticos nos que se dividen as falas galegas. [v. mapa 5]

**c) Sistema dos demostrativos.** Ao lado do sistema maioritario, que presenta e tanto nas formas masculinas, como nas femininas e nas neutras (*este, esta isto*), encontramos un sistema con *i* nos neutros (*este, esta, isto*) na parte suroccidental da provincia de Pontevedra e no norte da provincia da Coruña e outro co *i* nos masculinos (*iste, este, esta*) na maior parte de Ourense e sur de Lugo. [v. Mapa 6]

A	B	C
este	este	iste
esta	esta	esta
esto	isto	esto




**d) Pronomes persoais *ti* ou *tu*, *el* ou *il*, *lle* ou *lles*, *cheísmo* e *teísmo*.** En canto á morfoloxía pronominal, encontramos unha serie de formas que presentan variedades diversas. A forma tónica do pronome persoal de 2ª persoa é maioritariamente *ti*; pero nun amplo sector que inclúe todo o galego oriental e gran parte de Lugo e Ourense emprégase o pronome *tu*. [v. Mapa 7]

O pronome tónico de 3ª persoa máis común é *el*; pero en Ourense e sur de Lugo a forma empregada é *il*. [v. Mapa 6]

A forma átona de 3ª persoa de complemento indirecto, unicamente conserva a distinción de número (*lle* fronte a *lles*) na metade oriental de Galicia; na metade occidental emprégase habitualmente o *lle* tamén con valor de plural (“non lle contei nada a eles”). En consecuencia, nesta zona tamén as formas contraídas co pronome de complemento directo carecen de plural (“non llo dixen a eles”). [v. Mapa 7]



A maior parte dos galegofalantes distinguen o pronome de complemento directo *te* do de complemento indirecto *che* (“non te viron” fronte a “non che escribiron”). Pero nunha ampla zona entre Santiago e Fisterra emprégase *che* tamén para o complemento directo (“non che viron”). É o denominado *cheísmo*. Pola contra, nunha pequena área ao redor da Guarda e no galego de Zamora prodúcese un fenómeno inverso, denominado *teísmo*: emprégase o pronome *te* tamén para o complemento indirecto (“non te escribiron”). [v. mapa 8]




fronte a *viviu*, *escribiu* e *fuxiu*. Na parte noroccidental, os verbos da 2ª empréganse nesa persoa coa vogal *i*: *bebiu*, *morriu* e *temiu*, ao igual que *viviu*, *escribiu* e *fuxiu*. Pola contra, nunha franxa que vai desde as rías de Pontevedra e Arousa até a Mariña de Lugo, a vogal temática dos verbos da 3ª conxugación é *e* (e alí dise, ao igual que *bebeu*, *morreu* e *temeu*, *viveu*, *escribeu* e *fuxeu*. [v. mapa 9]

O pretérito imperfecto de indicativo, o pretérito pluscuamperfecto e condicional pronúncianse nas persoas 1ª e 2ª de plural maioritariamente como palabras graves (*cantabamos*, *cantabades*, *cantaramos*, *cantarades* e *cantariamos*, *cantariades*). Pero nun amplo territorio da periferia e nunha pequena illa na provincia de Ourense, estas persoas presentan acentuación esdrúxula (*cantábamos*, *cantábades*, *cantáramos*, *cantárades* e *cantariamos*, *cantáriades*). [v. mapa 10]

Por último, a terminación da 2ª persoa de plural do presente de indicativo, que normalmente é *-des* (*cantades*), pode realizarse como *cantais* ou *cantandes*, na parte máis oriental de Galicia, ou como *cantás*, *cantais* ou *cantandes* nunhas pequenas áreas do bloque occidental. [v. mapa 11]

**e) Fenómenos relacionados coa conxugación verbal.** As variedades máis significativas neste aspecto son a vogal temática da 3ª persoa do pretérito perfecto dos verbos da 2ª e 3ª conxugacións, a acentuación das formas de 1ª e 2ª persoas de plural do pretérito imperfecto de indicativo, pretérito pluscuamperfecto e condicional e as terminacións da 2ª persoa de plural do presente de indicativo. Na maior parte de Galicia distínguese a vogal temática das formas verbais dos verbos da 2ª conxugación (*e*) dos da 3ª (*i*) na 3ª persoa dos pretéritos perfectos. Así, dise *bebeu*, *morreu*, *temeu*





### 2.3.- Aspectos léxicos.

No referente ao léxico, ao lado dos significados que presentan unha única forma en todo o territorio lingüístico, encontramos conceptos que posúen numerosas variantes dialectais. A forma *cadela*, por exemplo, que é o termo xeral, ten como variantes dialectais *cuza* en puntos de Lugo e *canza* na terra de Navia-Eo (Asturias). É igualmente dialectal a forma *amencer*, propia do galego do norte de Lugo, que convive con outras variantes vivas noutras comarcas: *amañecer*, *amaecer*, *lumbrigar*, *alborexar*, etc. A voz *arume*, propia da terra de Bergantiños, é unha das moitas palabras que designan á folla do piñeiro: *candea*, *faísca*, *penica*, *paúlo*, *pobela*, *pruma*, *fronza*... A área Mindoniense destaca por ser talvez o territorio galego que conta cunha maior singularidade léxica.

### 3.- Caracterización dos bloques, áreas e subáreas lingüísticas

Segundo a distribución xeográfica dos fenómenos fonolóxicos e morfolóxicos vistos anteriormente, os lingüistas do ILG, no seu Atlas Lingüístico Galego, estableceron unha división do territorio lingüístico galego en tres bloques, en cuxo interior se encontran diversas áreas e subáreas lingüísticas [mapa 12]. A división nos bloques estableceuse segundo a realización dos plurais das palabras rematadas en vogal seguida de *n*. Considérase bloque occidental o territorio no que este se forma de maneira regular (*cancións*), bloque central aquel no que se perde o *n* (*canciós*) e bloque oriental aquel no que se forma cun ditongo (*canciois*).

#### 3.1.- Bloque occidental

Está delimitado pola isoglosa *cans / cas*, que o separa do bloque central. A súa característica

principal é, como acabamos de dicir, a formación de plural regular das palabras rematadas en vogal seguida de *n* (*cancións, cans, reféns...*). Outra característica importante é a terminación *-án* tanto para substantivos masculinos como para os femininos (*o irmán, a irmán, a mañán, a mazán*). En todo o bloque existe gheada e en case todo el hai seseo, que é total nas zonas costeiras e implosivo nas zonas do interior. Con excepción dunha pequena área do sur (a subárea do Miño), emprégase o pronome de suxeito *ti*.

Podes ver de xeito esquemático as principais características das súas áreas e subáreas neste cadro:

<p><b>1.- Área fisterrá:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- seseo total</li> <li>- cheísmo</li> </ul>	<p><b>1.1.- Subárea do Xallas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- ditongos <i>-ui-</i> (<i>muíto, nuíte, cuiro, truíta</i>)</li> <li>- vogal temática <i>-i-</i> (<i>collíu, partíu</i>)</li> <li>- palatalización do <i>a</i> átono (<i>Cämäriñäs</i>)</li> <li>- aspiración do <i>-s</i> (<i>deghde</i>)</li> </ul>
	<p><b>1.2.- Subárea do Tambre-Barbanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- ditongo <i>-oi-</i> (<i>moito, noite, coiro, troita</i>)</li> <li>- vogal temática <i>-e-</i> (<i>colleu, parteu</i>)</li> </ul>
<p><b>2.- Área bergantiñá:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- seseo implosivo</li> <li>- non hai cheísmo</li> <li>- ditongo <i>-oi-</i> (<i>moito, noite, troita</i>)</li> <li>- vogal temática <i>-i-</i> (<i>collíu, partíu</i>)</li> </ul>	
<p><b>3.- Área pontevedresa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- non hai cheísmo</li> <li>- seseo total ou implosivo</li> </ul>	<p><b>3.1.- Subárea Ulla-Umia:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- demostrativo <i>esto</i></li> <li>- ditongo <i>-oi-</i> (<i>moito, noite, troita, coiro</i>)</li> <li>- vogal temática <i>-e-</i> (<i>colleu, parteu</i>)</li> <li>- formas verbais tipo <i>cantín, deixín</i></li> <li>- pronome persoal <i>ñe</i></li> </ul>
	<p><b>3.2.- Subárea do Verdugo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- demostrativo <i>isto</i></li> <li>- ditongos <i>-ui-/oi-/ou-</i> (<i>muíto, nuíte, troita, couro</i>)</li> <li>- terminacións <i>-ao/-á</i> (<i>irmao, irmá</i>)</li> </ul>
	<p><b>3.3.- Subárea do Miño:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- teísmo</li> <li>- pronome <i>tu</i></li> <li>- ditongación do Ë latino: <i>íara, tierra/tiarra</i></li> <li>- mantemento dos grupos <i>cua, gua</i></li> </ul>

### 3.2.- Bloque central

A súa principal característica é a formación de plural das palabras rematadas en vogal seguida de *n* coa perda desta consoante (*canciós, cas, refés*). En todo o bloque distínguese a terminación masculina *-ao* fronte á de feminino *-á* (*o irmao, a irmá, o chao, o tabao*) e empréganse sempre ditongos *-oi-* para as formas procedentes dos grupos latinos *ULT, OCT, UCT* e *ORIU* (*moito, noite, troita, coiro*). Na maior parte das falas centrais hai gheada, pero só unha pequena franxa presenta seseo implosivo.

Estas son as características principais das súas áreas e subáreas máis importantes:

<p><b>1.- Área mindoniense:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- sufixo modo-temporal <i>e</i> (<i>collemos, partemos</i>)</li> <li>- formas verbais <i>esteña, seña</i></li> <li>- léxico específico: <i>barruzar, felgo, cimón, go-lpe</i></li> <li>- formas <i>nosoutros</i> e <i>vosoutros</i></li> </ul>	<p><b>1.1.- Subárea occidental:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- con gheada</li> </ul>
	<p><b>1.2.- Subárea oriental:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- sen gheada</li> </ul>
<p><b>2.- Área lucu-auriense:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- demostrativo <i>iste</i></li> <li>- pronome persoal <i>il</i></li> <li>- adverbios <i>eiquí, eí, elí</i></li> <li>- formas verbais <i>culle, turce, bibe</i></li> <li>- non hai contracción <i>por+o</i> (esporadicamente)</li> </ul>	<p><b>2.1.- Subárea da Limia Baixa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- existencia de sibilantes sonoras</li> <li>- mantemento dos grupo <i>qua-/gua-</i> (<i>cuatro, guardar</i>)</li> </ul>

### 3.3.- Bloque oriental

Está constituído pola parte máis oriental das provincias de Lugo e de Ourense e mais os territorios do denominado galego exterior (o falado en parte das provincias de Asturias, León e Zamora). Vén definido pola formación de plurais con ditongo das palabras rematadas por vogal seguida de *n* (*canciois, cais, refeis*). Ademais, presenta características bastante singulares, como a redución do grupo *-aix-* a *-ax-* (*baxo, caxa*), o mantemento dos grupos latinos *QUA* e *GUA* (*cuando, guarda*), a presenza do pronome *tu*, o emprego do diminutivo *-ín* (*momentín*) e a existencia das formas con *u* procedentes dos grupos latinos *ULT* e *UCT* (*muíto, muto* ou *mutio; truíta, truíta* ou *truíta*).

As características das súas áreas lingüísticas son as seguintes:

<b>1.- Área asturiana:</b>	
- terminacións <i>-íus, -ías</i> ( <i>molíus, sardías</i> )	- terminación <i>-ín</i> en lugar de <i>-iño</i> ( <i>padrín, camín</i> )
- artigo <i>el</i> ( <i>el día</i> )	- plurais <i>elos, estos, esos, aqueles</i>
- conservación do <i>-l-</i> intervocálico ( <i>avolo</i> )	
<b>2.- Área ancaresa:</b>	
- palatalización do <i>a</i> tónico ( <i>pädre, irmä</i> )	- vocalismo nasal ( <i>irmãos</i> )
- gheada esporádica	
<b>3.- Área zamorana:</b>	
- formas verbais <i>collí, partí, fice; cantéramos</i>	- teísmo ( <i>non te digo</i> )
- confusión de ditongos ( <i>noite/noute, dous/does</i> )	- pronome persoal <i>le</i> ( <i>díxole</i> )

## 2.1.- Textos dialectais.

### A/ Bloque occidental. Área bergantiñá.

#### Texto A

##### A raposa de morrazos

Chamábanlle a raposa de morrazos. È víana moitos, eu nunca a vin. È nós, ibamos ó muíño de noite, moito de noite. Se cadra inda ibamos durmir un anaco è levantabámonos è ibamos ó muíño. È por aquí abaixo, berraba un bicho. Pò nós nunca vimos, unhas carpas si, que as sentimos, moitas veces. Pò disque bota lume pola boca, è nós buè[no], tamèn non miramos moito, pa riba. Porque eu vina un día na tèlevisión è botaba bafaradas de lume pola boca.

E: ¿Que viu pola televisión? ¿A raposa de morrazos? ¿A de aquí? ¿A de Cereixa?

I: Vin a que, a que lle chaman raposa dos morrazos, è coma un, nin è animal nin è cristiano, así da feghura dun... aghora que aí en Cereixa, estaban sentados ó, ó, no vran, así a, è víana todos, pasaba: ¡Rrr, rrr! ¡Ueee, ueee, ueee!

E: ¿Pero como era lògho?

I: Ai n'ó sei, que eu non sei como è, que eu nunca a vin. Eu vina aí na tèlevisión, un día que saliu aí, nunha película. È, è así, nin, tèn partes de animal è tèn partes de xente; porque, din que

eses que eran santos, cando, ánxeles cando, Nòstro Señor subiu pó cèu, è disque dixo "ghlòria in escèlsis dèos", cando foi, subiu pó cèu, è os ánxeles que estaban no aire quedaron no aire, è os que estaban na tèrra, quedaron na tèrra, è os que estaban no cèu quedaron no cèu; è eses disque son, cousas desas que quedaron no aire. Pò eu n'as vin.

E: ¿Pò houbo xente que as viu de aquí?

I: Vin quèn-as viu. Amais òino, quèn-as viu; pò eu nunca as vin porque, nós, sentíamos esas ghritas de noite, aló ás tantas da noite cando ibamos ó muíño moitas veces, prò, non, nunca, non, o que era n'ó vimos. Aghora que, aseghún decía a xente, as ghritas eran coma as dèla. Bèrra ighual cá raposa. ¿Non sabes como bèrra a raposa? ¿Non, nun[ca], nunca sentiches berra-la raposa? ¿A raposa das ghaliñas?

E: ¡Ai si! Alghunha ves sentín.

I: Buèno, pois èla bèrra ighual, bèrra o mesmo. ¡Ueee, ueee! Aghora non, nadia, dendes que se fixo aí capilla, non, non, eu non creo, que non se sentiu máis eso.

### B/ Bloque occidental. Área fisterrá. Subárea do Xallas.

#### Texto B

I: Às uito marchar pó mar, pä nêcora ¿èh?, pä nêcora. Entónsese traballar toda a noite, a lanses, cada lanse unhã hòra, cada lanse unhã hòra. Entonses sácase o mârisco è lârghase, se non se còllen aquí poise sepárase se cadra dousèntogh metros ou, ou unha milla ou dúas millas, eso depènde. È trabállase toda a noite, asta pola mañán; ái áse, ás sinco da mañán cárgase o ãpârello è vênse con el, pä còsta ou pä tèrrä, descarghare; desís-canse agh nasas è pó muèlle. Entónse-lo mârisco, hai que capalo; ä nêcora capala è enviveirala.

E: ¿En que consiste capala?

I: Capala, quèrse disir, sacarlle o, o anclo ¿non sabes? O anclo co àlicate, pois, còrtase, que se non devòran unhas as outras, mâtanse. Entonses bótase nun, nun viveiro, enviveirada, è ighual ta aí uito días como quince días, depènde das vendás; è entonses de día durmire, un par de hòras, è despoise prepara-la carnada outra ves, se ta no conghelador, saca-la carnada do congheladore, a desconghelare, è lãñala, pa ái ás sète è mèdiã marchar pó mar outra ves, toda a noite, traballare.

## C/ Bloque occidental. Área fisterrá. Subárea Tambre-Barbanza.

## Texto C

## As diversións e a mocidade de antes

È poise na, nas casas facían, formábase un baile nunha sa[la], nunha casa è coa mesma princiipiábaçe a toca-la pandèreta è veña baile: a ghòta, a muiñeira, o pasodòble, o valse. È en fin, tódolos bailes que había: dança, maçurca, todo que aghora non había estes bailes modèrnos de, de abraçarçe tanto, de apretarçe tanto. Eço non, çeparados un de outro. È entonçes si, aquilo daba gusto. Ademais, as mullères, daquèla iban coas saíñas asta alá abaixo, a casi a rastro do chan; pèro despois, este, a bailar, poise non nos freghábamos nada, estábamos separados, è, en fin. Non había bicos tampouco no baile. Eso, os bicos èra cando íbamos, por eghèmplo, íbamos acá è estábamos nun çitio tal; pèro cando çe lle daba un bico a unha mullèr xa èra unha couça moi sèria: ¡Diòs nos libre deço! Daquèla a couça èra, èra un çaghrado. Hoçe non. Hoçe xa non çe, xa çe abraçan os moços è as moças, andan abraçados xa por aí adiante, á vista da xente. Nós cando nos abraçábase naqueles nõos tempos, hai çaçenta anos, çincuènta anos, daquèla daba ghusto, que cando mirábamos prá nõça nõça non, ninguèn lle podía chiscar jèh! ¡Coidadiño! Estábase mirando pra èla è mirábase coma pra Diòs, non çe lle tropeçaba; asta cando èra nos aqunto de, de pidi-la nõça, ¡ai!, daquèla çì, daquèla çì que daba ghusto. Cando lla daban a un, pèro cando lle diçían que non, ¡ai, cando lle diçían que non!, entonçes si; entonçes que viña un, poñíanselle os pelos de punta.

Eu tuven unha nõça, eu tuven unha nõça que fun, fun, con èla, çète, çète meçes è medio è non lle, non lle trope[çei], non lle tropeçei nin nun pelo da roupa. ¡Nadiña, nadiña! È miraba pra èla como para, pra, para María, para María çantiçema jalabado çea èla! Pèro, claro; eu despois, vai èla è díxome un día, unha noite cheghei, que eu iba çèmpre moi contento pra alí, eu cheghei alí è cando cheghei vai èla è díxome, chegamos á pòrta da caça, salimos do baile è chegamos á pòrta da caça, è entonçes díxome èla:

- Mira, non volvas máis.
- ¿¡Como dixèstes!?
- Non volvas máis, que non què[ro]...
- ¿È lògho por que?
- Porque non quèro ter moço, eu non què[ro].
- ¿È lògho cando queiras ter moço -díxenlle eu- cando

queiras ter moço, non me, non me has de falar?

È díxo èla:

- ¡Ai despois, veremos!

Eu salín de alí, meus hòmes, fomiando. Salín fomiando por arriba polo camiño arriba astra chegar á casa. Aquèla noite non dormín. Foi unha couça que, ¡Diòs nos libre que hoçe çentiran tanto as cousas como sintíamos nõs daquèla! Hoçe non hai verghonça: tanto lle tèn que lle dighan que vaia coma que non vaia. Se vai, vai, è se non vai queda. O que, o que si, que cando van, xa van con èlas amarradas, xa as lèvan preças. Se è un hòme lévaa preça a èla, vai enghanchada nel. Ací que, non se çabe... hoçe non se pòde diçir nada. Pèro se volvemos á aqueles mundos de antes, aquèlas trouladas, aquèlas foliadas, aquèlas pandàretas, aqueles brincos, aqueles tal, aquèlas tombadas, cando íbamos ós herbales, que íbamos por:

- Vou ir á hèrba a tal sitio.

Entonçes çalíamolle alá. È entonçes veña á tumbada polo, por aqueles pra[dos], prados abaixo. ¡Ai Diòs mío! ¡Onde van aqueles mundos! Pèro eço èra á vista da xente. Viao todo o mundo cando faciámos esas cousas. Aora do rèsto. ¡Çèmpre houbo algo hò!, çèmpre houbo algo. Pèro non ací como aghora, ¡contro! Aora, aora è unha barbaridá, meus hòmes. Non çe vos pòde andar. È pònse, arriman-o fuçino como çe nada, eu, parece que querían quedar peghados xa toda a noite ou todo o día, se están. Paçan por diante da xente: ca, xa non ven a ninguèn, non ven máis que un ó outro. Tropècan nun è tropècan en calquèra, porque non ven, cando van. Eu véxoos aghora, ¡meu! Eu aora teño çåtenta è çeis anos, è eu estou falando daqueles tempos porque estuwen naqueles mundos è máis aora estou nos de aghora ¡Ai Diòs mío! Estamos perdidos. È dicir, perdidos non; que, total, como çon todos. Se fora un sòlo ou dous ¡buèno! èra unha verghonça pró que lle paçaba, pèro aora son todos è, è a, a nai que tèn unha filla è non tèn moço xa di:

-¡Ai Diòs mío! ¡È pois a miña filla non tèn tanto mal, è pois a miña filla podía ter moço coma outra!

xa quèren que o teña, xa quèren que o teña. O mundo está perdido. Buèno, xa será o que sexa. Asta outros tempos, ha de haber tempos mellores que estes è mais máis malos. Pèro, polo de pronto, eu nestes xa vexo.

## D/ Bloque occidental. Área fisterrá. Subárea Tambre-Barbanza.

## Texto D

È despois, ¿que máis? Pois, que teñas unha averiá è n'á pòdas arrekhlár; quedas á mersé de, á mersé do tempo, das òlas è si tès un barco; que, sèrca que che pòda traer remòlque pois, aínda, aínda; pèro que non teñas nincún barco sèrca, o remolcadore estea moi lèxos ou ó mellor non pòdas sekhir polo mal tempo, estás á mersés do tempo, que che pòde levar ou bèn mal a, mar a fòra, ou bèn cara a unha sona donde están pescando barcos ou están barcos ó mellor á capa, è a millor moitos barcos, de pèsca, non están preparados debido ó seu tamaño como pa, pa levar un remòlque dun barco, coma o nõso, das dimensións do nõso.

Sobre as, os diferentes artes ós ¿ós que traballín? Pois, ò sea, no que estou aora è o que lle chaman o pincho, que xa falín antes un pouco del. Vamos, è unha, dikhamos un, unha sèrie de cordèles de chi..., de fí[os], de, de fíos, lògho, de, de material de, de tansa, que lle chaman. Unha sèrie de cordèles postos no mar; van balisados, ò sea, postos no mar por pèdras no fondo è por, por bòias è, no, a flòte, lò, na superfisie do mar, pa, pa akhuan-talos a unha, a unha determinada altura, lò.

## E/ Bloque occidental. Área pontevedresa. Subárea Ulla-Umia.

## Texto E

Xacinto dos Carafunchos era un home que lle ghustaba moito ir á ighresia, è nunca perdía unha misa por moi apurado que estuvera. Collía, poñíase ar ciròlas de estopa, collía a vara que tiña pa ir cas ovellas è marchaba direito á misa. È aquel día tamèn-o fixèra, como moitos máis. Resulta que tiña unha òfreta feita polo fillo máir vèllo, que lle taba na ghèrra. È tuvo no altare, dando beixos no, no chao do altare. È resulta que tántor dou, è tántor dou, è tántor dou, que as ciròlas empezaron a reghañar por certo sitio, que non è pu[dente], prudente nomear aora. A xente ría que non tiña traza; o cura, miraba pa atrás è meteu na boca, en ver do calis, meteu un candeeiro, polo, polo que facía a xente. È entonces, cando saliron da ighresia, díxolle un compadre del:

- Vente, hòme, vente, vente. Vente.

El saleu no medio da máis xente, todo tranquilo. Dixo:

- ¿Pèro que quères, hò?

- Vente, hòme, vente, vente, que parece mentira en ti, que inda ès algo ó caso è que viñèras pinta-lo escándalo que pinta-che na ighresia.

- Pèro, ¿como que escándalo? E lògho è escándalo pormeter, por facer unha òfreta que fixen polo fillo que se me librara do servico das armas...

Dixo el:

- Buèno, hòme, buèno. O fillo librariachese do servico das armas; pèro o que è ti, fartáche de amostra-los barròtes, polo burato das ciròlas.

## F/ Bloque occidental. Área pontevedresa. Subárea Ulla-Umia.

## Texto F

I: O carneiro è, è, tèn a cuncha por fòra así cunhas raias, è abolado; è tèn unhas raíñas así por riba, khraçadas è color amarillo. È ese tòmase aquí, xunto a Abelleira; que Abelleira queda aquí á, á direusión de, de San Mikhèl, entre San Mikhèl è a Isla dà [Arousa], aquí a Isla, aquí Camaxes, por acá do Vao, nun fanco. Hai un terrèno que è fancel, así que tèn fanco, è tòmase. Buèno, tomar chámoñe nòs traballar a el e viren... è tamèn se tòmase aquí polo, polo Khaliñeiro, pèro pouco. Ái polo Khaliñeiro, pouco; polo lèste da Lobeira, polo lèste da Lobeira, aquí pola Lobeira, tamèn viñan moitas cunchas ante[s] mòrtas de, de, de carneiros. È donde van cunchas mòrtas, è que tamèn van eles; pèro... È dispois había a aròla, que a aròla... ¿Ti sabes eso? ¿Quères deso tamèn?

E: Si, si.

I: A aròla, esa xa, nunca tuvo asètasiòn porque... È un, tèn

unha cuncha larkha, è carne tèn moita, que está chea de carne; è tèn... pèro è unha carne dura, así un, eu sea que, a aròla nunca a quixèron, antes; pèro aora tamèn-a quèren.

O que sèmpre quixèron foi a bruxa. Nòs chamámoñe aquí á bruxa, ó que, outros din que è chirla, outros din que son ameixas bravas. A bruxa, è unha ameixiña así pequena, pèro en fòrma de, un pouquiño máis abolada. È esa aquí tòmase alkhunha è mán-dana para fresco, para as, para tomalas pa, pás sopas, pa fase-la sopa aí á parte de Castilla. Pèro, non è tan boa como a ameixa, pèro tamèn se còme.

È, è dispois, de mariscos aquí tamèn hai as samuriñas; poucas, pèro aínda hai samuriñas. È hai as, hai dúas clases de samuriñas. Hai unhas que ñe chamamos nò-las samuriñas españòlas, è dispois hai outras asamuriñas, as pròpias.

## G/ Bloque occidental. Área pontevedresa. Subárea do Verdugo.

## Texto G

## A vida no muíño

I1: N'ò çei, çei que eu fun pró muíño, tiña, xa tiña dèçaoito anos. Empeçei a ire, ècí de día, miña nai iba de noite, è eu iba de día; pèro dispoise empeçei a ir, è de noite tamèn è dormía no muíño, è, è muía toda a noite è había que levantarçe múitar veces porque, claro, ce che acababa antes non tiña báscula nin tiña nada pa peçar o millo, ècí que tiña que moer a, çaqueta por çaqueta, ou çaco por çaco; è çe cadra como èran dúas ròdas, è primeiro moías, botabas nun muíño e botabas no outro è çe cadra acabábache un muíño è dispoise acabábache outro; ècí que había que levantarçe, cète ou oito veces de noite; è èsí paçaba, o tempo. È dispois polo, polo día, lavaba è, è viña de ves en cando á caça, pèro... Teño dormido asta os catro meçes çeghidos no muíño ...

E: ¿Sin vir á casa?

I1: Nò, çin durmir na caça. Teño durmido asta os catro meçes; è cando dormía na caça, muitar veces levantábame ár cinco da mañá, è, è tira, ó muíño xa.

E: È conte como, como lle paghaban...

I1: È, è moitos pagharon que non querían que lle maquiaçe. Maquiar era çacare, un pouco millo, çeghún fora a cantidade, que truèran, o que lle perteneçia; un falare, a dèis quilos de millo, a dèis quilos de millo perteneçialle, a, a dèis quilos de millo perteneçialle un quilo, quitarlle un quilo. È ce non paghábanche, claro, en cartos.

E: ¿Que sacaban, millo ou fariña?

I1: Çacaba millo ou fariña, açeghún me fixèra falta. Había un, chamáballe unha maquia, era feita de madeira;

## H/ Bloque occidental. Área pontevedresa. Subárea do Miño.

## Texto H

## Contrabando de café

E2: ¿È qu è o que levaban un tempo... unhas cousas, parecían fakhas, cun así, cun...?

I: Iara o café.

E2: Ai èra o café.

I: Iara o café, as baldranas.

E2: Eu acórdome vagamente deso, però non sei o que había dentro.

I: Ar, ar baldranas, ¡ai!, aquilo, ¡ai!, aquilo. Aquialas do Correo, ti sabes como iaran as do Correo, iaran mui ghordas, ¿tu non cheghastes a conocer a Marukha?

E1: ¿A que tiña a costura?

I: ¿Èh?

E3: Eu conocín a dúas, eu a dúas conocín.

I: A Martina e mala Marukha. A, a Marukha fixo uns pantalóns bombachos, deses que se lèvan aghora á mòda, así mui, mui foludos, iè lògho debaixo pòs metía aquialas baldranas. Iè

como en tempos, os coches iban mui cheos, iban no coche do tío Belarmino, na camioneta, na "Mis Goián; antòn èla pa subir pa arriba, ¡plaf!, aquilo tudo, aqueles pantalóns, parecía, parecía un khlobo.

E2: Un michelín.

I: ¡Eh!, un michelín. Iè lògho pòs aquialas baldranas, aquialas baldranas cheas, lògho nòs a atafuñarlle, a axudarlle, i-è arghunhas veces, muitas veces lle axudamos nòs, axudámoslle a ghanar muitos cartos a èlas. Iè, cheghaban a Vigho, ¿è sabes como lle, como iaran o, a contraseña dèlas? Iara o "neghro", o café chamábanlle "o neghro". Dicia, faláballe prá xente que llo compraban, pòs decíase:

- Ah, vímo-lo neghro.

Iè así, iè dáballe a seña así.

E2: Pois, tamèn disimulábanho bèn pouco ¿non?

I: ¿Èh?

E3: Que disimulábanho bèn pouco.

## I/ Bloque occidental. Área pontevedresa. Subárea do Miño.

## Texto I

## A rendabilidade da terra

I: [È iso èra a] falta que tñamos nòs aquí, neste, o, rincón. Però que empezamos, cuando empezou a xente, que antes estábamos no millo, no millo... è veña millo, è veña millo, cuando empezaron aquí o único que empezou a coller movemento, ou alkho de evolución, tomates... a pór tomates. Eu caseime no cuarènta è seis, o dozanove de xanei[ro], de ènero, de xaneiro. Non tiña nada. Intentei, empezar a comprar algo, comprar unha veighiña, comprar un mato, un mato i-ò... un mato de pinos ou así un... non sei se usté entende.

E: Si, si.

I: Pra ter pra o día de mañán.

Aora témo-lor matos. Chegha un madeireiro a comprarlle un pino:

- È que mira, quería, ou faíame falta cartos è quería que me, quería que a ver se me comprabas estes pinos.

- Òmbre, eu estes pinos cómprtos, però tèn mal camiño.

- ¿¡Coño, mal camiño!? ¿Como vai a ter mal camiño? Xa guiei por aí, xa tes unha pista aí a dèr metros. Se fora antigualmente, pòs si. Però aora tès unha pista a dèr metros, por arriba.

Dice:

- Pòr mira, se queres, se queres, eu cómprtos, pero doute tanto por èlas, por eles. Doute tanto por eles.

È un, porque, hai que vendelos. È, darllos por tres chicas è media, porque non hai competencia, non hai, non hai, non hai quen compre. Mitá dar fábricas zàrráronse, polo qui è non sei; así que, isto, isto, nunca un tèn tódalas cousas, però... Vexo unha cousa así que non se sabe, non se sabe.

## L/ Bloque oriental. Área asturiana.

## Texto L

## Os movementos asociativos no campo

II: Papá, hai un momentín falaba de que, tábandes gravando en, Porzún. Concretamente Porzún è un barrio de, da parròquia de Piàntón. È unha zona rural, bastante más promocionada que algunhas outras de, de Asturias è incluso tamèn de Galicia; però que, a pesar de todo tèn inda muito que superar i tèn muitos problemas. Ta afortunadamènte despertando un pouco a xènte, però, falta muito inda camín que andar. Non hai teléfono, non hai, mentalidá na xènte en, en cuestión de agrupaciòis, de traballar en comunidá; algunhas èsisten, però non, sòn precisamènte unhos mòdèlos, non. Despois, hai bastantes chavales, escolarizados desde luègo todos, però, perdón, desde lougo todos, però, con un nivèl en kheneral cultural bastante baxo. I non sei, non se me òcurre nada más.

Esisten aquí nel puèblo unhas agrupaciòis, que tan encaminadas a ser a pauta pra irse mellorando. Hòì, hai unha de cuatro vecíus, que pòde poñer camín de cèn vacas, si lles axudan, el Estado, Ordenación Rural i Estènsión Agraria; i esos elementos, el Estado con crèditos, Ordenación Rural reparándolle os camíus i, Estènsión Agraria, con servicios ténicos... Teño que reconocer que eghtos servicios, i eght(os) que vaian facèndo estas agrupaciòis, melloran un pouco, anque sòlo seña, a situación das mullères nes[e], nel campo laboral; porque, as mullères tando os hòmes, agrupados, non tein que salir al campo, dedícanse, ás faenas da casa, pròpias da mullèr i del hogar, i-atender aus nenos. Os hòmes bastan pra cuidar, lo mismo veínte vacas que cèn, i-as mullères, tan un pouco máis dinificadas nel traballo.

## M/ Bloque oriental. Área ancaresa.

## Texto M

## Encontro cun xabaryl

I1: Fumos eu ia outro nino a un pinar, aí á, á Sorbeira, ia vimos un xabaryl, unha guaxa con guaxos, iè eu, a guaxa xogha-ba pal lao de arriba i-èu lle dixeu al outro: "Vete pal lao de arriba i-èu quedo del lao de abaxo". Però resulta que taba el xabaryl, el

macho ia, empezou detrás de nós, subimos a un pinar, a un pino ia, el xabaryl col fucín empezou a, a fincar el turrucó del pino; ia, nós, collimos úa piña das gordas iè se las tirèmos na cabeza, i-el xabaryl escapou.

## N/ Bloque oriental. Área zamorana.

## Texto N

## ¿Galicia ou Castela?

Mira, eu vouvos a decir, non teño nada en contra de Castilla; però si mutó a favor de Galicia, porque nós a nòsa vida, todas as transacciois de todas estas cousas, facémolas con Galicia: ventas iè compras iè todo eso, è con Galicia. En cambio, os asuntos de papeleos iè médico iè todas estas cousas temos que o facer con, con Zamòra, Zamòra capital; porque, xa vos digo, pertencemos así. Però eu son partidario de que, si sería partidario, non sei, non renunciar á, á cidadanía, esto, castellana i-àzquirir a galle-ga; però, sería partidario de que, de que, nos arrimèramos a Galicia, completamente.

## As palabras vellas

Buèno, a min, òcurríuseme a idèa porque, antigamente falaban os nòsos pais, nòsos abuelos, falaban desa forma ia hoxe nós non facemos máis que modifíca-las cousas, creo que empeorán-

doas; porque, eles usaban esas palabras, que eu penso que è unha mezcla de gallego, portugués, i-àgunha palabra castella-na, porque esto è unha mezcla. Entonces aquelas palabras que, meus abuelos, por ekhèmplo, usaban, hoxe xa non as usamos; i-è unha pena que se perdan, eu penso que è unha pena que se perdan. Entonces por eso, eu dedícome a, inda temos alguis vèllos no puèblo que, nos apòrtan estas cousas, que nós a metai delas desconocémolas. Entonces dedícome por, vou polos puè-blos ou ós vèllos, ós puèblos desta zona que se, que se fala así, iè son os que me infòrman; son os que me pòden aportar mutas palabras que eu desconozo.

Eu penso que, penso que si hai xente que se desvive, que se, que se preòcupe por estas cousas, que non se perderá; porque, vos vou a decir: eu son partidario de que ós meus nètros, por ekhèmplo, que se le enseñe a falar galego. Teño dous nètros astu-rianos, però cuando vein aquí enséñole a falar galego.

## O/ Bloque central. Área mindoniense.

## Texto O

I1: È, è moita xentiña iba. Aí de Mal[pica], unha, unha, unhos romeiros de Malpica, unhas romeiriñas, que durmíran na nòsa casa. ¡Eso fora verdá èh! Si, volveu, foi catro veces no vrao a san Andrés, por catro personas que lle morreran. Como todas xuntas n'as podía levar, pois iba, de cada viaxe levaba unha.

E: ¿È facía moitos milagros o san Andrés como din?

I2: Non facía ninghún. È que, è que, è que daba, daba, dába-lle unha vòlta a calquera persona; osté dálle unha vòlta, è vaille mal. Despós volvemos en si; è despós botábanlle a culpa a san-Andrés que, que era que o salvaba.

E: È san Andrés ó mellor sin culpa ningunha.

I2: È san-Andrés sin culpa ningunha.

I3: È levaban caixós.

I2: Non hai máis nada, que así.

E: ¿È levaban tamèn caixas de difuntos?

I2: Caixas, caixas de pequenos, porque lles iba mal, è despóis volvían en si, èsì era o conto.

I4: Iso nada, iso è que non... Cada un cre o que lle, ¿non sabes? A min eso non...

I2: Nada, nò, deso nada.

I1: Deso nada, si.

I4: Eu sei, eu sei, eu sei que unha familia, unha familia de, unha familia de Santiakho ou dos arre[dores], das cercanías de

Santiakho; era unha familia numu[rosa], numarosa, unha fami-lia millonaria, moi rica; è tiñan unha chavaliña enferma, maliña, desaudida dos médicos de que non había remedio pa èla, que morría. Ofrecéronlle a san Andrés un manto, toda a familia un manto de ouro, è un vestido. ¡Vaia!, ò sea bordado.

I3: Pró santo.

I4: Pó santo, bordado en ouro. È a chavaliña sanou è fóronllo lovar è tèno san Andrésiño pòsto. Un milakho khrande, un milakho khrande que fixo o san Andrés, que eu casualmente o vin á pòrta da sançristía, o de cámara de televisión quitándolle fotokhrafiás è, è varios fotòkhrafos quitándolle ó manto, è esta-ban as familias, seis rapazas, con el, co manto así. Iso foi certo, que o vin eu; polos meus òllos.

I3: Pero iso n'ó cre naide, xa, que non... iso...

I1: Oíche mullèr. N'ó cre naide, escoita.

I4: È, è, è os médicos, vari[os], os médicos de España enteira èh, que era unha familia moi rica è, è todos viñan á mesma òpi-nión de que non había salvación pá chavala. È ofrecéronlle eso, eso a san-Andrés, sea polo que queira, a pequena mellorou è sanou è.

## P/ Bloque central. Área lucu-auriense.

**Texto P****O rato do monte e o rato do muíño**

[Quando eu estaba no muíño,] había un rato alí, è estaba moi gordo, comía moita fariña. Marchouse. Un día co vicio marchouse ó monte è viu unhos compañeiros, alí no monte, è estaban moi flaquíños, i-èntonces dixo:

- ¿Como estades tan flacos, eiquí? ¿Que comedes?
- Comemos castañas.
- ¡Ómbre! Eiquí non pòde ser. Vinde cuanda min, que vamos a un sitio, xa veredes como comedes alí fariña, moitas

cousas boas, grao... tal.

Camñaron cara ó muíño, è díxolle, o flaco do monte:

- ¿I-èl hai policía?
  - Si, hai, però está sièmpre dormindo.
  - Poise, entra tu primeiro que estás máis acostumbrado.
- I-èntrou, è foi o policía, ¡plau!, comeuno. È dixo il:
- Caramba, doume vòlta pró souto, que vale máis flaco no souto que gordo no cu do outro.

## Q/ Bloque central. Subárea da Baixa Limia.

**Texto Q****A mata do porco**

I1: Primeiro comprámoslos, ós porqueiros que vèn, por aquí. È despois de aí empeçámoslle a dar a, a crialos ás lavaduras, verduras, dámoslle maíz, todo, a fariña de maíz. Ó chegar ó tempo, a novembro, ou a diciembre ou èsí.

E: ¿Penso non lle dan?

I1: Tamèn lle damos, pero pouco èh. Dáselle patatas, dáselle, fáiselle así coçedallos, de nabos ou que seja. Ó chegar a, ó novembro ou diciembre, o que queira matar. Vènen-os hòmes ajudar, nòs ajudámoslos a eles tamèn, matámoslos i, frò[tase], fròtase así ca, coas pèdras, ou cunhas facas, non lle chaman cuchillo, èh, facas. È lánvanse bèn lavados. Despois ábrenos è tíranlle,

as tripas todo pa fòra, tíraselle o fígado, tíraselle os bòches, è despois as, as mulleres tan aí ó lado, lánvanse as tripas...

I2: È esfíanse.

I1: È esfíanse, i-àsí.

E: ¿È que, que partes sacan do, do pòrco? ¿A soá...?

I1: Do pòrco tírase todo. Aquil día tíraselle as tripas, quedan os pòrcos así limpos, abèrto asta pó outro día. Que pó outro días tírase, còrtase a, os perniles, tíranselle as pas, as cabezas, tírase as soás e pos todo alá a arrefègere. Despois pó outro día è que se salga, èh, è así.

E2: È tíranselle as frebas.